RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Nomeamento como traballadora social de Dna. Mª Carmen Suárez LLano
EXPEDIENTE: 2018/G003/001074

No BOP da Coruña núm. 43 de data 02/03/2018 publicáronse as bases xerais e as específicas aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 16/02/2018, para a cobertura en réxime de interinidade de varias prazas para o concello de Teo, así como o anuncio da súa convocatoria. Unha das prazas convocadas foi a de Traballador/a social, persoal laboral en réxime de interinidade.

En data 10/12/2018 o tribunal cualificador realizou proposta de nomeamento da aspirante Dna. María del Carmen Suárez Llano, ao ser a persoa que superou o proceso selectivo e acadou a maior puntuación.

En data 11/12/2018, por resolución da Alcaldía (núm. 1030/18) requiriuse a documentación establecida na base décima das Bases que rexen a convocatoria á aspirante proposta polo tribunal cualificador.

Vista a documentación presentada por Dna. María del Carmen Suárez Llano, en data 11/12/2018 con rexistro de entrada núm. 9013, en virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear a Dna. María del Carmen Suárez Llano, con DNI 32.640.241K, para cubrir en réxime de interinidade, e como persoal laboral, a praza de Traballadora social.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada para o seu coñecementos e efectos oportunos e dar traslado ao departamento de Intervención.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde, A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Rafael Carlos Sisto Edreira (FECHA: 12/12/2018) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 12/12/2018)
Decreto Número: 1039/2018 - Fecha de decreto: 12/12/2018
Versión imprimible
CVD: bGWXYrg4w5Chk/+pQnpC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.